



Vulnerabilidade de masas forestais de *Pinus pinaster* a incendios forestais sobre a base de estrutura do combustible: Efectividade de tratamentos preventivos.

Tipo de proxecto: investigación

Entidad Financiadora: Dirección Xeral de I+D. Xunta de Galicia. (10MRU502035PR)

Entidades Participantes: CIF Lourizan.

Período: 2010 - 2013

Investigador principal: José Antonio Vega Hidalgo

Investigadores participantes: Pedro Pérez-Gorostiaga, Pedro Cuiñas Olmedo, M^a Teresa Fontúrbel Lliteras

Resumo: Con este proxecto se persigue caracterizar as situacións de maior risco de incendios forestais en masas de *Pinus pinaster* en Galicia en función da estrutura do complexo de combustibles. Tamén, propoñer os tratamentos selvícolas mais axeitados para reducir este risco e identificar as zonas prioritarias de intervención.

Palabras clave: lume de copas; combustibles forestais; tratamentos selvícolas.



Os incendios de copa son os lumes forestais de maior intensidade e dificultade de extinción, causando graves impactos no ecosistema e sendo elevado o risco para combatentes e propiedades. A pesar da súa gran transcendencia social, económica e ecolóxica, o lume de copa constitúe un problema insuficientemente abordado dende o punto de vista científico e técnico, e lonxe de estar resolto. O presente proxecto vai dirixido a tipificar as situacións de risco de incendios forestais en masas de *Pinus pinaster* en Galicia sobre a base da estrutura integral do complexo de combustibles. Pretende avaliar a eficacia dos tratamentos preventivos para modificar o comportamento do lume nun posible incendio, estimando a súa permanencia no tempo. Finalmente, trata de identificar as áreas prioritarias de intervención preventiva en masas de *Pinus pinaster* sobre a base da estrutura dos combustibles.